

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL (FEGATUR) PARA A PROMOCIÓN DO TURISMO RURAL E A COMERCIALIZACIÓN DOS ALOXAMENTOS RURAIS DE GALICIA NO ANO 2025

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR) de cara á implementación de tres liñas prioritarias de promoción do Turismo Rural e a Comercialización dos aloxamentos rurais de Galicia, ao longo do ano 2025, e que son:

LIÑA 1. Promoción e comercialización

LIÑA 2. Formación

LIÑA 3. Comunicación

Todas estas liñas de acción obxecto do convenio serán ofertadas aos aloxamentos rurais con sede en Galicia, con independencia da súa condición de socios da entidade asinante do presente convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública



instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- FEGATUR, constituída como organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, ten por finalidade principal a promoción do turismo rural de Galicia así como o fomento, a dinamización e a mellora das accións e actividades empresariais relacionadas co turismo rural das persoas asociadas, sendo, hoxe en día, a entidade máis representativa do sector.

Terceiro.- Segundo recolle o Plan de Acción da Estratexia do Turismo Rural de Galicia, auspiciado pola Axencia, este busca fomentar o turismo rural coa fin de consolidar unha oferta turística sostible e de calidade, referente da imaxe da nosa Comunidade a nivel global e cun significativo valor estratéxico na sostibilidade económica, social e do patrimonio natural e cultural do rural galego. É por iso, que nel se consideran aspectos relevantes, a creación de experiencias, a xeración de ofertas diferenciadoras para distintos públicos obxectivo, o fomento da cooperación público-privada, así como o apoio ao impulso e reforzo do asociacionismo no sector.

Cuarto.- De cara ao ano 2025, a previsión é que as modalidades de turismo máis demandadas polas persoas viaxeiras sexan aquelas que lles permitan desconectar da vida urbana e gozar de entornas rurais e naturais, destacando tamén o turismo cultural e patrimonial, onde se busca coñecer tradicións, historia e gastronomía local. Seguirá a ter moita forza e demanda o turismo de saúde e benestar, enfocado a actividades que promova a relaxación e o coidado persoal.

As experiencias personalizadas e autóctonas seguirán a ser moi valoradas, permitindo aos turistas vivir momentos únicos e adaptados aos seus intereses, e, no que aos destinos se refire, o turismo de proximidade e local continuará en auge, impulsado pola tendencia a explorar destinos no propio territorio nacional e apoiar ás comunidades locais, reflexando un cambio cara a un turismo máis responsable, auténtico e sostible.



Galicia, grazas á súa climatoloxía, está a ser un destino cada vez máis escollido ao ofrecer estadias e espazos de lecer libres do estrés térmico que un grande número das persoas que habitan a península veñen padecendo en longos períodos do ano. Por iso, e dada a maior demanda de diversificación de produtos turísticos e de cara a seguir avanzando no desenvolvemento dun turismo sostible, convén ter moi en conta dita circunstancia e aproveitala.

Quinto.- Os aloxamentos de turismo rural son unha opción diferenciadora, sostible e de calidade e conforman unha privilexiada rede en lugares emblemáticos da nosa terra, facéndose preciso seguir revalorizando a calidade e singularidade dos elementos que diferencian a dita oferta.

A colaboración que, desde hai catro anos, se vén establecendo entre a Axencia de Turismo de Galicia e a FEGATUR, vén permitindo promover o coñecemento e o intercambio de información e propostas entre ambas, coas persoas propietarias dos establecementos de turismo rural, o colectivo dos distintos axentes que interveñen no sector turístico e o consumidor final que é, ao fin, o público obxectivo.

Cómpre, pois, seguir implementando e reforzando as liñas de acción establecidas no antedito plan.

Sexto.- Na estratexia de Promoción do Consumo de Turismo Rural, a FEGATUR propón para este ano 2025, tres liñas de acción que continúan o traballo feito no último ano:

LIÑA 1. Promoción e comercialización

LIÑA 2. Formación

LIÑA 3. Comunicación

LIÑA 1. PROMOCION E COMERCIALIZACION

Iniciativa 1. Campaña Daquidarredor

Está prevista a posta en marcha ao longo do ano 2025 de diversas campañas de promoción, unhas dirixidas a todo o territorio galego e outras a zonas máis concretas, co fin de atraer a atención sobre o turismo rural especialmente en épocas de temporada baixa.



A campaña Daquidarredor está vinculada ao proxecto Daquidarredor promovido pola Asociación Maisdetres e pola Fundación Daniel y Nina Carasso coa finalidade de achegar os produtos locais de pequenos e pequenas produtores/as de horta, froita e cereal ao turismo máis apegado á súa vida e á súa actividade, o turismo rural.

Esta campaña desenvolverase en 26 concellos da provincia da Coruña, concellos ligados ao proxecto ao contar con produtores/as afincados no seu territorio.

Iniciativa 2. Promoción do asociacionismo

A base para ter un turismo rural competitivo é dispor dunha estrutura organizativa forte que abarque ao maior número posible de establecementos. Neste sentido a FEGATUR estase consolidando practicamente como a única entidade asociativa que traballa por e para os aloxamentos de turismo rural, medrando ano a ano o número de asociados conforme se van levando a cabo proxectos e actividades.

A promoción do asociacionismo xira en torno a dous piares, por un lado a xestión, base do fortalecemento da entidade, que abrangue tanto a xestión administrativa como a económica da federación, xestionando tamén servizos comúns para os establecementos asociados. Por outro lado, o protocolo e representación con presenza activa da FEGATUR en múltiples actos de promoción do turismo rural e do turismo en xeral, actos organizados, a súa maioría, pola Axencia Turismo de Galicia ou o Clúster de Turismo de Galicia.

LIÑA 2. FORMACION

Continuando coa liña do ano anterior, de cara a este ano a Fegatur propón continuar coa formación dirixida aos propietarios e propietarias dos aloxamentos de turismo rural de Galicia en dúas vías:

Iniciativa 1. O saber da experiencia

Os encontros dos aloxamentos de turismo rural promovidos ao longo do ano 2024 amosaron a importancia de que as persoas encargadas da xestión destes aloxamentos teñan espazos onde poder falar, intercambiar experiencias, indicar problemas e desafíos aos que se afrontan no día a día e propoñer entre todos solucións axeitadas e viables.



A raíz do éxito destes encontros, a Fegatur propónse para este ano 2025 continuar promovendo estas xuntanzas nas propias casas e en espazos públicos de interese desde o punto de vista do turismo.

Acción 1. Encontros comarcais e provinciais

Encontros nas propias casas de turismo rural por comarcas ou xeodestinos nos meses de xuño e outubro e unha por provincia a primeiros de ano en espazos cedidos polas diferentes administracións públicas.

Estes encontros constarán dunha xornada de traballo (3-4 horas), xantar conxunto e participación nunha experiencia no territorio onde se sitúa o lugar elixido para a xuntanza co fin de ir ampliando os recursos turísticos a ofertar á clientela.

Acción 2. Encontro autonómico

De cara ao último trimestre do ano realizarase un encontro autonómico. Neste encontro darase conta dos proxectos desenvolvidos e do traballo por facer, facendo avaliación do ano e xurdindo proxectos novos de cara ao ano vindeiro.

O desenvolvemento será similar aos encontros comarcais e provinciais, ampliando a xornada de traballo co fin de poder incorporar charlas ou mesas redondas arredor dalgún tema de especial interese.

Iniciativa 2. Somos empresa

Outro tipo de formación moi demandada polos aloxamentos asociados é a formación en diferentes ámbitos relacionados directamente coa xestión administrativa e económica dos establecementos, así como coa promoción e comercialización.

Acción 1. Formación e xestión empresarial

Xornadas e obradoiros formativos, en formato presencial ou na rede, de diferentes temas de interese para os aloxamentos: o novo rexistro de viaxeiros, a factura electrónica, a presenza nas redes, actualización das páxinas web, normativa sanitaria, etc.

Algúns dos cursos faranse en colaboración con outras entidades, como a Escola Superior de Hostalaría, e outros organizaranse directamente desde a FEGATUR.



LIÑA 3. COMUNICACION

Esta segue a ser unha das liñas esenciais do funcionamento da Fegatur pois abarca todo o tratamento da información dos establecementos na web e redes e a comercialización dixital das reservas de aloxamento.

Iniciativa 1. O mundo dixital

A presenza no mundo dixital da Fegatur farase en torno a tres accións concretas:

Acción 1. Galiciaturismorural.es

Actualización e mantemento da web www.galiciaturismorural.es, escaparate dos aloxamentos de turismo rural cara ao exterior.

Nesta web está toda a información dos aloxamentos, o motor de reservas directas a través de Ruralgest, información dos bonos e campañas promovidas pola Fegatur e este ano vaise incorporar un apartado de intranet para todo o relacionado coa xestión das casas.

Acción 2. As redes sociais

Presenza da federación e das casas de turismo rural nas redes sociais. Presenza activa con publicacións periódicas xerais sobre o turismo rural e específicas sobre as actividades e campañas desenvolvidas pola federación.

Sétimo.- Constátase que, tanto para os establecementos integrados na plataforma www.galiciaturismorural.es, como para o resto, segue a ser necesario, por un lado, apoiar a xestión e promover novos produtos turísticos que atraian máis clientela, mellorar a presenza na rede, poñendo en marcha un redeseño das páxinas web e un reforzo das redes sociais, facilitar espazos de encontro para os propietarios e propietarias destes establecementos e facer un maior fincapé na desestacionalización e na sostibilidade.

Tamén se reitera a necesidade de seguir contribuíndo ao posicionamento do Turismo Rural de Galicia, reforzando labores de comunicación-redacción de notas de prensa e reportaxes que sirvan de apoio á difusión das diferentes iniciativas. Deste xeito ofrecerase un enfoque novo a través da xeración de contidos de valor e interese para as persoas viaxeiras.



Que a través deste convenio, outórgase á Federación Galega de Turismo Rural unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

